


ANIMAIS: OUTROS RECORDS


Records de velocidade:

O animal máis rápido é o vencello tamén chamado birrio, é unha ave que vive en África e o seu voo pode alcanzar 170 km/hora. Tense comprobado que en algunha ocasión chegou a voar a uns 300 km/h.

Máis rápido aínda é o falcón peregrino que pode alcanzar os 380 km/hora en voo en picado.




O animal que máis corre é o guepardo, un felino que pode alcanzar ata 105 km/hora.



A ave que máis corre é a avestruz, pode alcanzar perto de 60 km/hora.

O peixe máis rápido é o peixe agulla, vive en Florida e pode chegar a alcanzar 100 km/hora. Outro peixe moi rápido é o peixe espada, pode chegar ós 60 km/hora.




O animal máis lento do mundo é o preguiceiro de tres dedos que se move a unha velocidade de 100 metros/hora.

A ave que se mergulla mellor é o paxaro bobo da Antártida. Pode descender a 260 m debaixo da auga e permanecer somerxido máis de 1/4 de hora




Outros records:




O animal que alcanza unha idade máis alta é a tartaruga, pode chegar ós 200 anos.

O animal doméstico que vive máis tempo é a oca, pode vivir 25 anos.





O animal que vive menos tempo é a efímera, hai algunha especie que solo vive unha hora.




Os animais mellores constructores son as termitas, constrúen niños de ata 7 metros de altura con profundas bodegas e, as veces, con sistemas de acondicionamento de aire .

O animal máis perigoso para o home é a ra tintureira ou tamén chamada ra dardo de Sudamérica. Os indios utilizaban o veneno destas ras para impregnar as súas frechas. Nunha ra hai suficiente veneno para 50 frechas e cada frecha pode matar un home.



A abella raíña pode por 2000 ovos ó día durante toda a súa vida.

O peixe máis fero é a piraña. Ataca calquera ser vivo, principalmente se está ferido ou movéndose na auga; non lle importa o tamaño.



COMPRESIÓN

1. **Responde as seguintes preguntas:** (sigue o modelo de resposta)

- ▶ ¿Cal é o animal mais perigoso para o home?

O animal máis perigoso para o home é _____

- ▶ ¿Cántos ovos pode poñe-la abella raiña nun día?

- ▶ ¿Que animais son os mellores constructores?

- ▶ ¿Cál é o animal doméstico que pode vivir vintecinco anos?

- ▶ ¿Que idade pode chegar a acadar unha tartaruga?

- ▶ ¿Cal é o animal máis veloz?

- ▶ ¿Que ave pode “practicar submarinismo”?

2. Marca o recadro (V) se é verdadeira ou (F) se é falsa de cada unha das seguintes frases:

- ▶ V F A abella raíña pode por 200 ovos ó día durante toda a súa vida
- ▶ V F O preguiceiro de tres dedos pode acadar unha velocidade de 100 kilómetros/hora
- ▶ V F Os indios utilizaban veneno da ra tintureira para impregnar as frechas
- ▶ V F O animal que vive menos tempo é a efímera
- ▶ V F A tartaruga, pode chegar ós 2000 anos
- ▶ V F O guepardo pode alcanzar ata 105 km/hora.
- ▶ V F O peixe máis rápido é o peixe sapo, vive en Florida
- ▶ V F O animal máis lento é o vencello ou birrio
- ▶ V F A piraña ataca a calquera ser vivo

ACTIVIDADES

1. Escribe un adxectivo para cada un dos seguintes animais:

- ▶ PIRAÑA: _____
- ▶ TARTARUGA: _____
- ▶ PAXARO: _____
- ▶ PEIXE: _____
- ▶ GUEPARDO: _____
- ▶ VENCELLO: _____

4. **Escribe na ringleira as palabras que se repiten nas columnas:**


tartaruga	pitón	pitón
paxaro	piraña	peixe
peixe	guepardo	paxaro
guepardo	tartaruga	espuma
piraña	salvaxe	tartaruga
mamífero	paxaro	piraña

5. **Busca na sopa de letras:**

peixe, guepardo, vencello, paxaro, piraña

X	P	M	F	A	R	P	E	I	X	G	B
C	I	A	A	S	H	T	Y	I	A	U	A
E	R	P	A	X	A	R	O	U	G	E	L
A	A	B	A	O	I	A	B	A	B	P	E
N	Ñ	C	B	F	A	F	E	R	F	A	A
M	A	S	A	R	A	Ñ	I	Ñ	A	R	R
Y	V	D	T	A	D	B	H	R	O	D	D
U	R	U	U	O	E	C	R	Y	O	O	T
H	O	O	L	L	E	C	N	E	V	S	U
R	A	I	A	E	I	X	E	T	O	A	P
E	T	N	A	F	E	L	E	F	U	S	A

6. Debuxa: Un guepardo, dúas pirañas, tres ocas e unha avestruz.



7. Descubre o que din estas frases e escribeas:

A ave que máis corre é a avestruz

.....

O animal que alcanza unha idade máis alta é a tartaruga

.....

8. Escolle a un dos animais do texto e inventa un pequeno conto no que éste sexa o protagonista:

9. Di a que se poderían dedicar as seguintes persoas e por que:

➤ A que puidese alcanzar a velocidade de un guepardo

➤ Que fose tan lenta coma o perguiceiro

➤ A que se puidera mergullar tan ben coma o paxaro bobo

➤ Outras que se che ocorran a ti
